

AVISO FITOSANITARIO

Data: 31/V/2007

Meteoroloxía

Baixada das temperaturas ata chegar a valores próximos aos 10 - 15° C nas horas centrais do día con importantes precipitacións, que puntualmente foron fortes. A humidade relativa no ambiente foi alta, en torno a valores próximos ao 80%. Polo tanto, mantéñense as condicións de risco para que se produzan infeccións por ataque de fungos.

VIÑEDO

D.O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

I -J (floración- purga).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Descenso da curva de voo da Avelaíña do acio (*Lobesia botrana*). Ausencia de glomérulos.

Manchas ailladas de Mildiu (*Plasmopora viticola*) esporuladas.

Recomendacións da semán

Mantemento do control de Mildiu (*Plasmopora viticola*) con cadencias curtas de 14-15 días dado que persisten as condicións óptimas de humidade, aínda que o ser moderadas as temperaturas non precisa acortar o período de cadencia.

En viñedos pouco ventilados, vigorosos ou de variedades sensibles a botrite, recoméndase realizar un tratamento específico da enfermidade, posto que coa caída de capuchóns florais e a persistencia da humidade as condicións son propicias. Materias activas de posible uso: ciprodinil+fludioxinil,

fenhexamid, iprodiona, metil-tiofanato ou mepanipirim. Os fitosanitarios empregados para o control de mildeu con folpet ou azoxistrobilurinas tamén presentan un control complementario da botrite, polo que, de selo caso, non se precisa o tratamento específico.

D.O. Ribeiro, D.O. Ribeira Sacra e D.O. Monterrei

Estado fenolóxico medio

I 1 (inicio de floración).

As condicións meteorolóxicas ralentizaron a velocidade de crecemento.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Siguen aparecendo novas manchas en follas de Mildeu e Black-rot.

Recomendacións da semana

Segundo as recomendacións feitas con anterioridade, o cultivo debería estar protexido fronte ás enfermidades fúnxicas. Soamente nas parcelas sen tratamento preventivo recente, débese protexer o cultivo coa aplicación de ao menos un produto de acción sistémica (tratamento preventivo).

No caso de que xa se realizara o tratamento preventivo, deberáse extremar a vixianza do cultivo por si apareceran novas manchas e fora preciso renovar o tratamento.

Ter en conta que as condicións meteorolóxicas destes días son moi favorables aos ataques por fungos e que nesta época a planta ten un gran crecemento, polo que se debe estar alerta en canto a protección da planta fronte ao risco de infección por fungos. Ao contrario que cos produtos sistémicos, coa aplicación de produtos de contacto a protección deberase renovar si se presenta unha situación de risco de infeccións, sobretudo se se manteñen as precipitacións. En calquera caso, débense seguir sempre as indicacións das etiquetas dos produtos fitosanitarios aplicados.

Recoméndase aplicar un funxicida específico para o Mildeu, preferiblemente de actividade sistémica. Frente a posibles ataques de Black-rot recoméndase aplicar unha materia activa autorizada para este fungo. Para protexer ás cepas fronte a o Oidio estase a aplicar, misturado coas anteriores materias activas, xofre. Deste xeito exerceremos unha triple

protección frente a Mildeu, Black-rot e Oidio. Si se manteñen as precipitacións débese ter en conta a posibilidade de aplicar un materia activa de carácter penetrante contra o oidio. É fundamental tratar preventivamente o cultivo antes da floración, evitando facer tratamentos nese estadio.

Marcar as cepas que non brotaron por problemas de Armillaria (*Armillaria melea*) para arrincar as afectadas na parada vexetativa. A planta afectada ten un visible decaemento da vexetación, entre outros síntomas, podéndose observar con claridade o micelio blanquecino debaixo da corteza á altura do pé.

Pódese proceder da mesma forma no caso de cepas que presenten síntomas de ataques de enfermidades da madeira.

D.O. Valdeorras

Estado fenolóxico medio

I 1 (inicio de floración).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Mantéñense as manchas en folla de Mildeu e Black-rot. De momento a incidencia desta enfermidade é baixa. A presenza das manchas obriga a facer tratamentos con produtos fitosanitarios autorizados para deter o avance da enfermidade, sen que ata o momento o grado de infección ataque supoña risco para a colleita. Os racimos non presentan síntomas da enfermidade.

Recomendacións da semana

As mesmas que para O Ribeiro. No caso de que a presenza das manchas de Black-rot en folla sexa importante, débese tratar inmediatamente con materias activas de carácter penetrante para cortar a infección.

* Outras recomendacións para todas as Denominacións de Orixe

Según a información facilitada polos técnicos das asociacións adscritas a diferentes programas agrarios, programas de defensa sanitaria dos cultivos, ATRIAS e APRIAs, aos Servizos Técnicos Agrarios Provinciais durante a presente campaña respecto á presenza enfermidade fúnxica

Black-rot (*Guignardia bidwellii*) en parcelas de vide en todas as denominacións de orixe, convén ter en conta as seguintes precisións:

1.- Ata o momento os síntomas detectados correspóndense a un ataque de carácter leve. As manifestacións da enfermidade producíronse nas follas do cultivo, e en ningún caso se informou da presenza de síntomas en acios.

2.- Dende principios de mes, a través de diferentes mecanismos, a Consellería de Medio Rural está a informar aos viticultores do grado de risco de infección por Mildiu (*Plasmopora viticola*), Black-rot(*Guignardia bidwellii*) e Oidio(*Uncinula necator*). Segundo as condicións meteorolóxicas e a aparición de manchas en follas, fixéronse as correspondentes recomendacións de tratamentos con produtos fitosanitarios.

3.- Na páxina web da Consellería do Medio Rural pódese consultar as materias activas autorizadas para combatir o black-rot (<http://mediorural.xunta.es/agricultura>).

4.- Os viñedos convenientemente tratados contra Black-rot según as recomendacións periódicas dadas dende este aviso fitosanitario, están protexidos contra os ataques desta enfermidade.

5.- Os técnicos adicados á sanidade vexetal do viñado tanto en asociacións de viticultores, cooperativas vitícolas, programas de defensa sanitaria dos cultivos, ATRÍAs, APRIAs, como en Oficinas Agrarias Comarcais, Servizos Técnicos Agrarios provinciais e Servizo de Produción Agraria Sustentable e Sanidade Vexetal adscritos á Consellería do Medio Rural, poden suministrar a información necesaria diariamente ante os posibles riscos de infección, tanto de Black-rot, como de outros posibles patóxenos no viñado.

FROITEIRAS

Estado de cultivo medio

J (froitos en crecemento)

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Pulgón cincento (*Dysaphis plantaginea*) e Pulgón verde (*Aphis pomi*).

Moteado (*Venturia inaequalis*).

Recomendacións da semán

Tratar Moteado e Pulgón con fitosanitarios específicos.

Sempre é recomendable utilizar produtos pouco agresivos contra a fauna útil, o que reporta beneficios no control doutros patóxenos, como é lo caso da Araña vermella (*Tetranychus urticae*).

PATACA

Na comarca da Limia o cultivo está na fase da xerminación. Nas zonas con máis altitude o ciclo está lixeiramente adiantado respecto a zona da lagoa. Non hai incidencia de pragas e enfermidades polo que non se recomenda tratar.

Noutras zonas da provincia de Ourense, o ciclo do cultivo está moito máis adiantado, chegando ao estadio de floración.